

NOTA DE PRENSA (30/07/2018)



**A VII edición do Festival 27373 de música en Galego de Begonte, reúne nun mesmo día, un festival para nenos e nenas durante a mañá e a tarde e concertos para os mozos e mozas pola noite**

A Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte vai organizar a **Sétima edición do Festival 27373** que terá lugar o sábado 11 de agosto no **Club Fluvial de Begonte** que presta as súas instalacións para a celebración deste festival.

O Festival está dividido en dúas partes. Polo día, a programación vai dirixida aos máis pequen@s e ás familias. A partires das 12:00 comezamos coas **actividades deportivas** que estarán a cargo da empresa de Begonte **Non Estreses**, que vai ofrecer paseos en canoa pola maravilhosa contorna do río Ladra, esta actividade prolongarase ata ben entrada a tarde.

A partires da unha a **Asociación Cultural Bolboreta Fiandeira** comezará a demostración de fiado de lá e liño, ademais da demostración de canto e música tradicional. A festa estará garantida durante a sesión vermú grazas ao grupo de música tradicional **Río Miño**, gracias ao programa Musiqueando pola Provincia de Lugo da Área de Cultura da Deputación de Lugo. Ademais faremos a presentación da **cervexa oficial do festival**, a 27373, unha cervexa de trigo, laranxa e coriandro, elaborada por membros da asociación en colaboración con Alberto Curiel nas instalacións de **cervexas Aloumiña**. Xa pola tarde, ademais dos paseos en canoa e as demostracións de fiado, a partir das cinco, comezará o **VII Aberto de Billarda** e tamén, a partir das cinco a Asociación **Colorín Colorado** de Vilalba terá dúas actividades dirixidas ao público máis pequeno, un obradoiro de xogos populares e un obradoiro de arxila. Agardemos que sexa un bo día para pasar ao carón do río, xantando e compartindo sobremesa nunha zona que conta con tódolos servizos, nun entorno de ribeira perfectamente acondicionado e coidado, onde se pode gozar dun baño, xantar nalgunha das mesas ou mesmo no campo e pasear á beira do río ao tempo que participamos nas distintas actividades.

Pola tarde, a partir das sete e media, abrirán o festival o grupo de teatro **Migallas** desde Pontevedra coa obra “Merenda con Pan de millo unha obra musical dirixida ao público infantil e familiar que chega ao festival grazas ao Concello de Begonte. Despois subirán ao escenario, desde a comarca de Ortegál, o grupo de música tradicional, **Os Carecos**, cinco pandeireteiros que van poñer o torreiro patas arriba. **Cuartá Xusta** desde Melide, serán as encargadas de poñer notas de rock combativo e feminino. Para rematar, **Berta Franklin**, desde Lugo e Begonte un dos grupos revelación da escena lucense que van dar moito que falar nos vindeiros tempos, rock, blues e soul para rematar este sétima edición .

Queremos agradecer a axuda económica da **Deputación de Lugo** e do **Concello de Begonte**. Ao **Club Fluvial de Begonte** por prestar as súas maravillosas instalacións. Ás empresas e

organizacións colaboradoras, **Non Estreses, Cervexa Artesá Aloumiña, Castro & Castro**. Tamén a todas aquelas asociacións culturais, artesáns, músicos que vaian vir ao festival e, por suposto, agradecer a presenza de todas as persoas que se acheguen ata Begonte a pasar un día cheo de actividades culturais nun entorno incomparable.

Adxunto vai o cartel, de novo ideado polo deseñador gráfico de Begonte, **Marcos Vigo** ao que queremos agradecer a súa colaboración.

Máis información da Asociación en <http://castinheiromilenario.wordpress.com/>.

Toda a información sobre o **Festival 27373** en <http://festival27373.wordpress.com>

Asociación Cultural Castiñeiro Milenario  
castineiromilenario@hotmail.com